

Lingua e literatura galega.

Unidade 13

IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

A prosa no exilio.

- Producción condicionada pola experiencia persoal.
- Algunhas publicacións non puideron ver a luz en Galiza até rematada a ditadura.
- Prosistas do exilio:** Blanco Amor, Ramón de Valenzuela, Silvio Santiago ou Antón Alonso Ríos.




A prosa no exilio. Ramón de Valenzuela

- Membro do PG.
- Despois da GC fuxiu a Francia, alí foi internado nun campo de concentración e devolto ás autoridades franquistas.
- Consegue marchar a Arxentina en 1949. Alí desenvolve unha intensa vida cultural.




A prosa no exilio. Ramón de Valenzuela

- *Non agardei por ninguén*, 1957 (o protagonista foxe da represión tras o levantamento militar).
- - *Era tempo de apandar*, 1980 (continuación, exilio en Francia e devolto pola Gestapo a España).



A prosa no exilio. Ramón de Valenzuela

- Carácter autobiográfico.
- Emprego de técnicas do relato oral.
- Retrato de personaxes




A prosa no exilio. **Silvio Santiago**

- Xornalista e escritor.
- Participou na fundación do Partido Sindicalista.
- Na GC fuxiu a Portugal e de alí a Cuba e posteriormente a Venezuela.
- Fundou o Centro Galego de Venezuela, varias revistas e, incluso, un programa de radio.




A prosa no exilio. **Silvio Santiago**

- *Villardevós*, 1961 (reconstrución de personaxes e anécdotas).
- *O silencio redimido*, 1976 (encarceramento e fuxida).



A prosa no exílio. **Silvio Santiago**

- Carácter autobiográfico.
- Ironía.




A prosa no exílio. **Antón Alonso Ríos**

- Mestre, escritor, líder agrarista e político.
- Foi a Portugal e de ali á Arxentina.



A prosa no exilio. Antón Alonso Ríos

-O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte (memorias dun fuxido), 1969.



A prosa galega: 1936-1975


-A primeira novela publicada trala guerra foi *A xente da barreira* de Ricardo Carvalho Calero (1951).

-Até os anos 60 non se comezou a publicar de maneira habitual.



A prosa galega: 1936-1975

- Promocións de narradores deste período:
 - **Exilio**: R. de Valenzuela, S. Santiago, Alonso Ríos
 - **Narrativa de posguerra**: Blanco Amor, Cunqueiro e Fole
 - **Nova Narrativa Galega**: Méndez Ferrín, C. Casares e M.^a X. Queizán
 - **Épica rural**: Neira Vilas



A prosa galega: 1936-1975

-ENSAIO: editorial Galaxia, cadernos *Grial*.

- **Ensaio filosófico:** Ramón Piñeiro e Fernández de la Vega.
- **Ensaio literario:** Carvalho Calero
- **Ensaio sociolingüístico:** Francisco Rodríguez
- **Ensaio económico:** X. Manuel Beiras
- **Ensaio teolóxico:** Chao Rego

A prosa galega: 1936-1975. Narrativa de posguerra

-Promocións de narradores deste período:

- **Exilio**: R. de Valenzuela, S. Santiago, Alonso Ríos
- **Narrativa de posguerra**: Blanco Amor, Cunqueiro e Fole
- **Nova Narrativa Galega**: Méndez Ferrín, C. Casares e M.^a X. Queizán
- **Épica rural**: Neira Vilas

NA PÁX. 217 → Clasificación por liñas temáticas.

A prosa galega: 1936-1975. Narrativa de posguerra

-Promocións de narradores deste período:

- **Exilio**: R. de Valenzuela, S. Santiago, Alonso Ríos
- **Narrativa de posguerra**: Blanco Amor, Cunqueiro e Fole
- **Nova Narrativa Galega**: Méndez Ferrín, C. Casares e M.^a X. Queizán
- **Épica rural**: Neira Vilas

NA PÁX. 217 → Clasificación por liñas temáticas.

Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor (1897-1981)



- Faise unha referencia constante na súa obra a Auria (Ourense).
- Emigrou a Arxentina, mais viaxaba con frecuencia ao Estado español (relación coa X. Nós e PG).
- En 1936 convértese en exiliado. No ano 1965 volta a Galiza.
- Intensa vida cultural no exilio e na Galiza.



Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor


OBRA:

- A esmorga*, 1959.
- Os biosbardos*, 1962.
- Xente ao lonxe*, 1972




Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor

- *A esmorga*, Buenos Aires, 1959.
- Realismo social: problemática das clases máis desfavorecidas, perspectivismo (Cibrán), uso da lingua popular.
- Cibrán conta nun interrogatorio (técnica do diálogo telefónico) os sucesos ocorridos a tres personaxes (el mesmo, o Bocas e o Milhomes) durante unha xornada de esmorga que remata en morte.



Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor


- *A esmorga*, Buenos Aires, 1959.
- Espazo: arrabaldes, rúas, tabernas, prostíbulos... de Auria.
- Tempo: Unhas 24 horas.



Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor

-*Os biosbardos*, 1962.

- 7 relatos
- Narrador infantil ou adolescente.
- Poden ser considerados como autobiográficos.
- Uso da lingua popular.
- Espazo: Auria.



Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco-Amor

-Xente ao lonxe, 1972.

- Radiografía do Ourense de principios do S. XX.
- Centrada na historia dunha familia que representa a sociedade da época.
- Multiperspectivismo (Narrador 1ª e 3ª persoa).
- Uso da lingua popular.
- Espazo: Auria.



Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro (1911-1981)

- Mondoñedo vai estar moi presente na súa obra a través da fala, da paisaxe, das xentes...
- En Lugo fixo amizade con Luís Pimentel e Fole.
- Durante a República adscribiuse ao PG, militancia que abandona ao estalar a GC.


LEMBRADE QUE XA O TRATAMOS
NA UNIDADE 9 (AS VANGARDAS).




Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro

OBRA:

- Merlín e familia*, 1955.
- As crónicas do sochantre*, 1956.
- Se o vello Sinbad volvese ás illas*, 1972.



- Escola de menciñeiros*, 1960.
- Xente de aquí e acolá*, 1971.
- Os outros feirantes*, 1979.



Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro

-NOVELAS:

- Realismo máxico: síntese de realismo e fantasía, introduce na nosa literatura mitos doutras tradicións.
- A paisaxe ten unha función simbólica.
- Combina a lingua culta coa lingua popular.
- Ten influencia das narracións tradicionais.

Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro

-*Merlín e familia*, 1955.

- O paxe de Merlín conta unha serie de relatos cando este estivo en Galiza (visita ao mago-problema-resolución).
- Conxunción entre o mundo da Materia da Bretaña e o mundo real.
- Grandes doses de humor.



Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro


-*As crónicas do sochantre*, 1956.

- Peripecias dun sochantre vive nunha viaxe con personaxes do mundo de ultratumba.
- Grandes doses de humor.




Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro

- *Se o vello Sinbad volveuse ás illas*, 1972.
 - Recreación do mito oriental de Sinbad.
 - Cóntanse historias reais e fantánticas (do mundo de *As mil e unha noites*). O mundo real oponse ao fantástico.
 - Grandes doses de humor.




Narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro

- Retratos de personaxes-tipo galegos nos que se reflicte a idiosincrasia do pobo galego.
- Mestura de trazos realistas e imaxinarios.
- Técnica do relato oral.
- Humor.



Narrativa de posguerra. Ánxel Fole (1903-1986)


- Estuda Filosofía e Letras e mais Dereito.
- Participa nas actividades do PG.
- Ten un gran coñecemento do mundo rural galego.



Narrativa de posguerra. Ánxel Fole

OBRA:

- Á lus do candil*, 1953.
- Terra brava*, 1955.
- Contos da néboa*, 1973.
- Historias que ninguén cre*, 1981.



Narrativa de posguerra. Ánxel Fole

-OBRA:

- Realismo popular: predomina o contexto rural.
- A Galiza rural é a protagonista.
- Ten como base a tradición da narrativa popular oral (temas e técnicas).
- Mestura de humor e medo.
- Mestura de realidade e elementos fantásticos.
- Recrea a fala das terras luguesas.

A prosa galega: 1936-1975. Narrativa de posguerra

-Promocións de narradores deste período:

- **Exilio**: R. de Valenzuela, S. Santiago, Alonso Ríos
- **Narrativa de posguerra**: Blanco Amor, Cunqueiro e Fole
- **Nova Narrativa Galega**: Méndez Ferrín, C. Casares e M.^a X. Queizán
- **Épica rural**: Neira Vilas

NA PÁX. 217 → Clasificación por liñas temáticas.

A prosa galega: Décadas 60 e 70. Nova Narrativa Galega

-**AUTORES:** formación universitaria, ligados á ideoloxía nacionalista, coñecedores / as das tendencias da narrativa europea e americana (NRF), con vontade experimental e renovadora.

-**OBRAS:** -Domina o narrador en 1ª persoa centrado na introspección, mais tamén é frecuente o multiperspectivismo.

-Protagonista desarraigado, abrumado e abstracto.



A prosa galega: Décadas 60 e 70. Nova Narrativa Galega

-Espazo indeterminado, aínda que domina o urbano.

-Desaparece a linealidade temporal.

-Tematicamente, domina a angustia, o illamento do home, a rebeldía, a loita pola liberdade, a violencia, ...

-Reflicten a sociedade alienante e insegura da ditadura.





A prosa galega: Décadas 60 e 70. Nova Narrativa Galega

-Creación de mundos absurdos, irracionais, fantasmagóricos...

-A literatura da NNG non ten como obxectivo entreter o lector.

-Rexeitamento da trama argumental.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín (1938)



- Estuda Filosofía e Letras en Compostela, nestes anos participa nas Festas Minervais con éxito.
- Contacta co galeguismo cultural.
- Na década dos '60 amosa un forte compromiso político (UPG).
- Candidato ao premio Nobel.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín

OBRA:


- Percival e outras historias*, 1958.
- O crepúsculo e as formigas*, 1961.
- Arrabaldo do norte*, 1964.
- Retorno a Tegen Ata*, 1971.
- Elipsis e outras sombras*, 1974.
- Crónica de Nós*, 1980.
- Amor de Artur*, 1982.
- Arnoia, Arnoia*, 1987.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín

OBRA:

- Espazos abafantes e sinistros.
- Personaxes descontextualizados.
- Inconsciente.
- Plurisignificación.
- Uso de lingua rica, con grande expresividade.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín

OBRA:



-Contidos socio-políticos: situación opresiva que vive Galiza.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín

OBRA:

-Aproximación á literatura fantástica:
recreación de mundos míticos.



Narrativa de posguerra. Méndez Ferrín

Tendencias temáticas:

- Recreación e ambientes da Materia de Bretaña: *Percival e outras historias* ou *Amor de Artur*.
- Exploración do absurdo, da angustia humana ou da violencia destrutiva: *O crepúsculo e as formigas* e *Arrabaldo do norte*.
- Desenvolvemento dunha mitoloxía propia e persoal: *Retorno a Tagen Ata, Elipsis e outras sombras* ou *Bretaña esmeraldina*.

Narrativa de posguerra. Carlos Casares (1941-2002)

- Na súa mocidade frecuenta os faladoiros literarios ourensáns.
- Estuda Filosofía e Letras en Compostela.
- Vinculado co galeguismo cultural, dirixe a Editorial Galaxia.
- Dedicouse á literatura e ao xornalismo.



Narrativa de posguerra. Carlos Casares

OBRA:

- Vento ferido*, 1967. Relatos
- Cambio en tres*, 1969.
- Xoguetes para un tempo prohibido*, 1975. Relatos
- Os escuros sonhos de Clío*, 1979. Relatos
- Ilustrísima*, 1980.
- Os mortos daquel verán*, 1987.
- O sol do verán*, 2002.



Narrativa de posguerra. Carlos Casares (NNG)

OBRA:

- Monólogo interior.
- Ruptura temporal.
- Afán vangardista e experimental tematica e formalmente.
- Ambientación na Galiza franquista.



Narrativa de posguerra. Carlos Casares

OBRA POSTERIOR Á EXPERIMENTACIÓN:

- Obras ambientadas no pasado histórico.
- Con enfoques máis tradicionais.
- Combinación de realidade, fantasía, lirismo e humor.
- Lingua sinxela e áxil.

Narrativa de posguerra. M.^a X. Queizán (1939)

- Desde a adolescencia participou activamente na vida política e cultural.
- Estuda Filosofía e Letras en Compostela.
- Desde 1983 dirixe a revista *Festa da palabra (silenciada)*.



Narrativa de posguerra. M.^a Xosé Queizán

OBRA:

-*A orella no buraco*, 1960.

-*Amantia*, 1984.

-*A semellanza*, 1988.

-*Amor de tango*, 1992.

-*Son noxento*, 2015.



Narrativa de posguerra. M.^a Xosé Queizán

OBRA:

- Experimentación formal.
- Narración obxectalista (descripción minuciosa do contorno físico, ás veces chega a converterse nunha realidade case absurda).

- Realismo.
- Temática social: inxustizas sociais e situación da muller.
- Ambientación viguesa.



Narrativa de posguerra. Neira Vilas (1928-2015)

- Nace no seo dunha familia campesiña, aos 19 anos emigra a América.
- Entra en contacto cos círculos galeguistas na emigración.
- Estuda Filosofía e Letras en Cuba.



Narrativa de posguerra. Neira Vilas

OBRA:

-*Memorias dun neno labrego*, 1961.

-*Cartas a Lelo*, 1971.

-*Aqueles anos do Moncho*, 1977.

-*Xente no rodicio*, 1965.

-*A muller de ferro*, 1969.



Narrativa de posguerra. Neira Vilas

OBRA:

- Camiño bretemoso*, 1967. [emigración]
- Historias de emigrantes*, 1969. [emigración]
- Remuíño de sombras*, 1973. [emigración]
- Home de pau*, 1999. [mundo urbano e os seus problemas]



Narrativa de posguerra. Neira Vilas

OBRA:

- Realismo social.
- Os conflitos dos personaxes son externos (guerra, ditadura, fame).
- A súa produción xira en torno a dúas realidades: emigración e mundo rural.
- Linguaxe próxima á fala popular cun léxico rico.